



VIGO

camino a camino



**CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO**

ALCALDÍA



VIGO

Tras o enorme éxito de participación e valoración acadado nos tres programas anteriores, a **Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo** presenta a cuarta edición do Camiño a Camiño que comenza o vindeiro 17 de outubro coa visita ás Illas Cíes e á ruta Mareal de Alcabre a Canido.

1.- ¿Qué é “Vigo, Camiño a Camiño 2.009”?

É un programa multidisciplinar da Concellería onde os participantes poden facer unha ruta polos entornos máis significativos do municipio e do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas

Atlánticas de Galicia. **Con anterioridade** á realización da ruta, os visitantes dispoñen de información descargable dende a web para axudarlle a comprender e respectar o espacio que vai visitar. **Mentras camiña**, os numerosos profesionais que os acompañan adaptan contidos de bioloxía, oceanografía e micoloxía aos puntos previstos e estudados con anterioridade. **Unha vez finalizan** a ruta poden reflexar as súas experiencias e aprendizaxes no caderno de campo que eles mesmos fixeron baixo as indicacións do persoal técnico da Concellería.

Nunha realidade global de deterioro do medio ambiente, faise necesaria a realización de programas de temática ambiental que poñan en valor o entorno no que nos desenvolvemos e a importancia de preservalo para as futuras xeracións.

Vigo, Camiño a Camiño ademais supón unha oferta de actividade saudable á cidadanía, fomentando un estilo de vida sa, a práctica regular de actividade física e a prevención de hábitos nocivos.



2.- Principios e obxectivos



Fomento dun estilo de vida saudable

Camiñar forma parte dun estilo de vida saudable. Camiño a Camiño busca promover unha mellora da calidade de vida a través da práctica regular de actividade física, os hábitos nutricionais axeitados e a loita contra os hábitos nocivos como o tabaquismo e outras drogas.

Achegar aos participantes ao medio natural.

Mediante rutas de sendeirismo e actividades desenvolvidas no medio, invítase aos participantes a afastarse temporalmente do seu entorno urban e mergullarse no medio natural máis cercano.



O ser humano respecta aquilo que coñece.

Durante cada actividade de Camiño a Camiño, os participantes reciben información ambiental do equipo de guías científicos. Deste xeito aprenden, descubren fauna e flora, e comprenden a importancia da conservación dos espazos naturais e dun desenvolvemento sostible do hábitat do seu entorno.

Coñecemento do Patrimonio Natural

Vigo constitúe unha das aglomeracións urbanas máis grandes de Galicia, o que non é un impedimento para que conte cun entorno natural de gran valor e diversidade, composto pola ría á que da nome, parques forestais, montes, ríos, encoros, lagoas, praias e o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



3.- Cronograma

DÍA	ISLAS	RUTAS
17 OUTUBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	-
18 OUTUBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	RUTA MAREAL ALCABRE-CANIDO
24 OUTUBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	-
25 OUTUBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	RUTA DA AUGA
8 NOVENBRO	SAÍDA CÍES 1 DÍA	RUTA MONTE ALBA - CORUXO
14 NOVENBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	
15 NOVENBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	RUTA MAREAL TEIS
22 NOVENBRO	SAÍDA CÍES 1 DÍA	RUTA MOURELLE ZAMANS
28 NOVENBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	-
29 NOVENBRO	TALLERES MEDIOAMBIENTAIS E RUTAS CÍES	RUTA DO RÍO LAGARES
13 DECEMBRO	-	RUTA DO GALIÑEIRO
20 DECEMBRO	-	PECHE EDICIÓN

4.- Inscripción

Os participantes do Programa deben inscribirse previamente para reservar a súa praza en cada ruta, a través do servizo telefónico de atención telefónica do Concello de Vigo - 010.

O luns anterior a cada ruta comenza o prazo de inscrición, salvo a semana do 17 e 18 de outubro que comenza o martes con motivo da festividade do Día da Hispanidade (luns 12 de outubro).

5.- Novidades

Ademais de repetir as rutas máis valoradas polos participantes (Galiñeiro e Monte Alba-Chandebrito-Coruxo), preséntanse como novidades a Ruta Mareal Alcabre

Canido, na que se observará o hábitat da franxa costeira intermareal; a presenza de micólogos nunha ruta do programa, que ensinarán aos participantes a respectar os fungos e cogomelos dos nosos bosques; o deseño de cadernos de campo para o rexistro das anotacións medio ambientais; dossier sobre o coidado dos fungos e cogomelos do municipio; sumado á ampliación das fichas técnicas de cada ruta con información máis detallada e a novos talleres nas Illas Cíes. Recupérase ademáis da primeira edición a ruta do río Lagares e a de Mourelle - Zamáns polas inmediacións do río Eifonso con motivo da recente apertura da senda.

6.- Horarios e transporte

Saídas a Cíes de fin de semana:

Os participantes deberán estar no muelle da Naviera Mar de Ons no Náutico de Vigo ás 10 da mañán, con tempo suficiente para cotexar os listados de persoal e partir ás 10,30 cara á illa. A volta está prevista para o domingo, saíndo do Muelle de Carracido de Cíes ás 17,30 e chegando a Vigo aproximadamente ás 18,15 horas.



Saídas a Cíes dunha soa xornada:

Os participantes deberán estar no mesmo muelle á mesma hora (10 da mañán), pero a volta está prevista dende o muelle de Carracido en Cíes ás 19,15, chegando a Vigo aproximadamente ás 20 horas.

Rutas polo municipio:

En todas as xornadas os participantes deberán estar na Praza do Rei ás 9,30 da mañán, con tempo para cotexar os listados e acomodarse nos autocares da empresa VITRASA que os levará ao punto de inicio da ruta, voltando ao mesmo sitio e do mesmo xeito unha vez finalizada a actividade. As horas de finalización dependen moito do nivel físico dos grupos e das condicións meteorolóxicas, polo que sempre son aproximadas, pero a estimación é de chegar de volta á Praza do Rei sobre as 14,30. A Ruta do Galiñeiro pola súa intensidade e lonxitude é a única coa chegada prevista para as 15 horas.

7.- Programa e Rutas

17 e 18, 24 e 25 de outubro
14 e 15, 28 e 29 de novembro
Talleres medio ambientais e
rutas no Parque Nacional
Marítimo Terrestre das Illas



18 de outubro e 15 de
novembro:
Rutas Mareais de Alcabre -
Canido e Teís




25 de outubro:
Ruta da Auga

8 de novembro:
Ruta Monte Alba
Chandebrito
Coruxo




8 e 22 de
Novembro:
Saídas
dun día
a Cíes



22 de
novembro
Ruta
Mourelle
Zamáns



29 de novembro:
Ruta do Lagares



13 de
Decembro:
Ruta do
Galíneiro

8.- Equipo Humano

40 profesionais levarán a cabo un minucioso traballo para que os participantes poidan despreocuparse da organización e prestar toda a súa atención ao magnífico entorno da nosa cidade e ría. Contarán co apoio de guías do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, oceanógrafos, biólogos, forestais, tripulacións dos barcos de travesía, persoal de hostelería, e finalmente estarán acompañados en todo momento por dous socorristas que velarán pola súa seguridade.

En definitiva, un equipo técnico completo e multidisciplinar que garante en todo momento unha gran calidade e profesionalidade de traballo.



9.- Peche de Edición

O 20 de decembro celebrarase o peche de edición cunha exposición multimedia das fotografías tomadas nas rutas e a celebración do 2º Aniversario do Vigo Camiño a Camiño que xa vai pola súa 4ª Edición.